

**ACTA DE APERTURA DO SOBRE "C" DO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE "EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO", CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 10.00 horas do día 25 de abril de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE "EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO"**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**David Santomil Mosquera**, concelleiro delegado de Educación e Cultura.

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo**, secretaria do Concello de Ames

**Jose Antonio Rueda de Valenzuela**, interventor do Concello de Ames

**Rogelio Pardo Martínez**, xefe do servizo de contratación do Concello de Ames

**Secretaria:**

**María Isabel Quintáns Rios**, auxiliar administrativo do departamento de Contratación.

**Asisten:**

En representación das empresas licitadoras:

- Micaela Mourelle Blanco, con DNI nº 45.871.280-B.
- José Luis Vázquez Cabanelas, con D.N.I. nº 44.813.388-G
- Marcos Castro García, con D.N.I. nº 33.299.079-R
- Susana Rin de Jesús, con DNI nº 44.829.712-K, en representación de Picabén S.C
- Lourdes Silva Conde, con DNI nº 33.252.971-P, en representación de M<sup>a</sup> Jesús Silva Conde.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria por indicación do presidente da mesa, procede a dar lectura da puntuación outorgada polos técnicos M. José Vázquez Bermúdez, animadora sociocultural do departamento de Cultura e Rosalina Martínez Lago, dietista e técnica do departamento de Educación no apartado relativo aos criterios que dependen dun xuízo de valor (documentación do sobre B) e que foi realizada con anterioridade a este acto de apertura, cuxo informe se incorpora como anexo á presente acta.

A devandita valoración (puntuada cun máximo de 30 puntos) acadou o seguinte resultado:

EMPRESA	CRITERIO 1: MELLORAS (Max. 10 puntos)	CRITERIO 2: ELABORACIÓN PRODUCTOS EN CAFETERIA (Max. 15 puntos)	CRITERIO 3: PRODUCTOS CELIACOS E INTOLERANTES A LACTOSA (Max. 10 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
M. Victoria Eugenia Vázquez Otero	8	10	4	22
Rosa González González	6	12	4	22
Jesus Mella Paderne	2	9	2	13
Marcos Castro García	5	1	3	9
Lino Martín Lea Santiso	4	9	5	18
José Luis Vázquez Cabanelas	6	9	8	23
Juan José Rodríguez Fernández	6	10	10	26
Carlos Ferreiro Caneda	5	7	4	16
Manuel Martínez Castelo	3	3	3	9
Fabiola Pullerio Puente	2	6	2	10
Picaben S.C.	5	12	6	23
Alberto Iglesias Segarra	3	8	3	14
Micaela Mourelle Blanco	8	9	6	23
Maria Xesús Silva Conde	3	6	4	13
Gonzalo Alberto González Villavicencio	10	14	6	30

O canon que serve de base á licitación fíxase nun mínimo de **250 €uros mensuais** mais o 21% facendo un **total anual de 3.630 €uros/anuais**.

O valor estimado total do contrato (artigo 88 do TRLCSP) ascende á contía de **144.000 €uros**, máis **30.240 €uros de IVE**, resultando un importe total de **174.240 €uros**, representando este o valor de negocio para toda a duración do contrato.

A continuación procedese a apertura dos “sobres C”, denominados “oferta económica”, que conteñen a documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante aplicación dunha fórmula, obténdose o seguinte resultado:

EMPRESA	TITULO FAMILIA NUMEROSA	GRADO DIVERSIDADE FUNCIONAL	TARXETA DEMANDANTE DE EMPREGO	CANON MENSUAL	TOTAL ANUAL
M. Victoria Eugenia Vázquez Otero	NON	NON	Presenta tarxeta demandante de emprego	605,00	7.260,00
Rosa González González	NON	NO		350,00	4.200,00
Jesus Mella Paderne	NON	NON		606,21	7.274,52
Marcos Castro García	NON	NON	Presenta tarxeta demandante de emprego	387,20	4.646,40
Lino Martín Lea Santiso	NON	NON		701,80	8.421,60
José Luis Vázquez Cabanelas	NON	NON		786,50	9.438,00
Juan José Rodríguez Fernández	NON	SI		605,00	7.260,00
Carlos Ferreiro Caneda	NON	NON		400,00	4.800,00
Manuel Martínez Castelo	NON	NON		605,00	7.260,00
Fabiola Pullerio Puente	NON	NON		424,80	5.097,68
Picaben S.C.	NON	NON	Presenta tarxeta demandante de emprego	756,25	9.075,00
Alberto Iglesias Segarra	SI	SI	Presenta tarxeta demandante de	302,50	3.630,00

			emprego		
Micaela Mourelle Blanco	NON	NON	Presenta tarxeta demandante de emprego	350,00	4.200,00
Maria Xesús Silva Conde	NON	SI	Presenta tarxeta demandante de emprego	363,00	4.356,00
Gonzalo Alberto González Villavicencio	NON	NON		363,00	4.356,00

En canto ao criterio de valoración da situación de desemprego que presentaron diferentes licitadores, a mesa de contratación, despois de consultar cos técnicos municipais da área de emprego do concello, determina que o documento que se solicitaba para acreditar esta situación (tarxeta de demandante de emprego) non acredita fehacientemente e indubidadamente a situación que permita puntuar este criterio de maneira obxectiva, polo que se determina solicitar apoio á Servizo Público de Emprego aos efectos de aclaración da situación de desemprego dos seguintes licitadores:

- Marcos Castro García
- Juan Carlos de Jesus Calvo
- M. Jesús Silva Conde
- Micaela Mourelle Blanco
- Alberto Iglesias Segarra
- M. Victoria Eugenia Vázquez Otero.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as dez horas e trinta minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.







